



## **ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DU MONITOR/DOCENTE OBRADOIRO E EMPREGO DE REVESTIMENTOS LIXEIROS E CONSTRUCCIÓN: FASE DE OPOSICIÓN**

A Laracha, a 17 de novembro de 2023

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa do Concello, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador nomeados para a selección do proceso monitor/docente obradoiro e emprego de revestimentos lixeiros e construción son os seguintes:

**Presidente**

Ana Carmen Jiménez Mosquera, axente de desenvolvemento Local do Concello da Laracha

**Secretaria:**

Marta Vázquez Garea, Secretaria do Concello da Laracha.

**Vocais:**

Eduardo Mera Rico, interventor do Concello da Laracha.

Jorge Vidal Zapatero, tesoureiro do Concello da Laracha.

Lucia Barreiro Angeriz, xefa de negociado do departamento de secretaría do Concello da Laracha.

Procédese a configuración do exame que se vai realizar no día de hoxe ás 10:00 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello.

O exame, con consta nas Bases, vai consistir en unha proba tipo test con 20 preguntas e 3 de reserva, con 3 respostas alternativas, das cales só unha será a correcta. Darase 3 puntos por cada resposta correcta e restarase 1,5 por cada resposta incorrecta. As non contestadas non restarán. Haberá que alcanzar un mínimo de 30 puntos para superar a proba.

Ás 10:00 horas o Tribunal trasládase ao Salón de Plenos para a realización da proba.

A secretaria do Tribunal fai o chamamento do único candidato presentado ao proceso:

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>DNI</b>
MANUEL POMPILIO	REMUÑAN GARCIA	***1495**

O exame comeza ás 10:05 e concédese 30 minutos para realizalo.

Unha vez rematado o Tribunal procede a súa corrección. A puntuación é a seguinte:

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTUACIÓN OPOSICIÓN</b>
MANUEL POMPILIO	REMUÑAN GARCIA	***1495* *	40,50



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

A puntuación total do proceso é o seguinte:

NOME	APELIDOS	DNI	TOTAL CONCURS O	TOTAL OPOSICIÓ N	TOTAL
MANUEL POMPILIO	REMUIÑAN GARCIA	****1495* *	6,25	40,50	46,75

Non tendo que realizar ningunha das candidatas o exame de galego por ter o Celga requirido, o Tribunal propón a MANUEL POMPILIO REMUIÑÁN GARCÍA como monitor/docente obradoiro e emprego de revestimentos lixeiros e construción

Segundo a Base 9ª a persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.ª desta convocatoria:

1. Copia compulsada do título esixido nas presentes bases.
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
3. Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado/informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Fotocopia da cartilla da S.S.
6. Nº de conta bancaria cos 20 díxitos. Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 10.50 horas, asinando os membros do Tribunal dixitalmente á marxe.

